

CERTAME LITERARIO

CONCELLO DE PARADELA

premios poesía e narrativa



MANNEL-ORESTES
RODRIGUEZ-LOPEZ

V
CERTAME
LITERARIO
CONCELLO DE PARADELA
premios poesía e narrativa



MANNEL-ORESTES
RODRIGUEZ-LOPEZ

“O intercambio de ideas non fai rexuvenece e fortifica o espírito”

Como prólogo da 5ª edición do Certame Manuel Orestes Rodríguez López direi que me lembro da afirmación arriba reseñada polo escritor homenaxeado, frase que deixou en min unha forte pegada, xa que mostra a sensibilidade e fineza do COMUNICADOR que é Manuel. Digo é porque é **presente**, xa que a súa obra segue a espallarse día a día polo universo da galeguidade sendo actual e válida no momento, superando a ola de mercantilismo, de insolidariedade e de perda de referentes que estamos a sufrir. É activo da galeguidade dos homes de ben, segue a se-lo Poeta obreiro da nosa Cultura, vivo e laborioso.

Pero é tamén **futuro** xa que a través do seu premio literario convida á reflexión alentando co seu exemplo a espíritos adormecidos, dando oportunidades a aqueles que coma el se sintan comprometidos coas súas raíces e coa súa Terra Nai. Convídanos a participar do DIÁLOGO e da COMUNICACIÓN, coido que ata nos fixa un lugar de encontro, ano tras ano, neste Certame que con agrado e agarimo convoca o Concello de Paradelá.

Chega con botar unha ollada a esta década, desde o seu pasamento en febreiro de 1990, para acreditar, cos acontecementos que tiveron lugar, que segue a ser especial Comunicador:

- No ano 1990: uns meses máis tarde do seu falecemento é nomeado “Lucense do Ano”, “Fillo Predilecto do Concello de Paradelá” e adícaselle a Casa de Cultura de Paradelá.
- No ano 1991: fáiselle unha merecida homenaxe en Páramo pola Asociación O Penedo. Aparece o seu testamento hológrafo que fai saber o desexo de ser soterrado en S. Miguel e transmite da seguinte maneira: “Con el rostro hacia Páramo, tierra de nacimiento de mi esposa y hacia Cataluña, lugar de mi residencia durante largos años”.
- No ano 1993: acórdase levar a cabo a creación do Panteón de Personaxes Ilustres do Concello de Paradelá, coa idea de ofrecerlle á familia a posibilidade de que a Manuel se lle cumpla o seu desexo.

mal a ninguén, ” (M.R.L.)

- No ano 1995: dase traslado dos restos mortais de Manuel ó cemiterio de S. Miguel de Paradela e acórdase polo Pleno da Corporación do Concello de Paradela instituí-lo Premio Literario que leva o seu nome, Certame que a partir dese momento se celebra anualmente, tendo en cada edición unha maior participación e incluso unha aceptación internacional. 17 autores viron premiados 19 traballos que foron publicados en cinco libros editados polo Concello de Paradela.

Recentemente, o día 18 de Novembro de 2000, preséntase en Barcelona, no centro social de **Saudade** un libro biográfico do Escritor, Poeta e exemplar Mestre, obra de D. Manuel Blanco Castro, outro bo e xeneroso, eu diría case alma xemelga do Poeta de Paradela, como cumio da testemuña precisa para traslado a futuras xeracións.

Seguindo nesta liña de louvanza e recoñecemento á comunicación escrita e á arte literaria, base da relación entre os homes e as culturas, este ano resultaron gañadores do certame:

Na modalidade de poesía: D. Baldomero Iglesias Dobarro, coa súa obra “Quixo o paxaro pousar na ponla o seu chíó”, e un accésit a D. Unai Gonzalez Suárez, pola obra “Tres poemas meus”. E na modalidade de narrativa: D. Jaime Naveira Pedreira, coa obra denominada “O Parvo”. A todos eles felicitámoslos moi sinceramente polo seu éxito.

Desde este Concello, cerna do Camiño de Santiago, vieiro Patrimonio da Humanidade, patena de ouro resplandecente das culturas europeas, e fonte inagotable de fe, esperanza e amor, segue a seiva do noso poeta relucindo na beira do Camiño, no horto de S. Miguel, para peregrinos extraviados nun mundo atolado.

Paradela facilita que a semente do meu pai xerm

É difícil explicar o significado que tén para nós, a familia de Manuel Rodríguez López, poder ver cómo o Certame Literario de Paradela se consolida co paso do tempo e crece en importancia e difusión. Todo debido ó bo facer do Concello de Paradela e, en especial, gracias ó infatigable labor do seu Alcalde, o bo amigo Xosé Manuel Mato Díaz. Pero máis difícil é intentar comunicar ós que non coñeces ó meu pai o que el mesmo sente no ceo dos galegos, dende onde, como ben nos contou o amigo Xulio Xiz o ano pasado, nos está a escoitar.

Son moitas as gratificacións que lle deparou ó Fillo Predilecto de Paradela o mundo da cultura galega. Pero ningunha para el comparable ós honores que recibe dende a Patria dos seus antergos, Paradela. O amor que amosou o meu pai cara Paradela ó longo de toda a súa vida, vese multiplicado polo agarimo que o seu berce natal dispensa á súa Memoria. A súa familia somos conscientes deste feito, unha realidade que nos enorgullece e que é motivo da máis fonda gratitude cara esta terra de xentes nobres e xenerosas. Este Certame Literario é un máis dos moitos recoñecementos que manteñen vivo a Manuel Rodríguez López, que permiten que non se apague a súa voz e que non se bote en olvido o seu recordo. Por iso, sei que relouca coa ledicia, porque pode estar entre nós un ano máis.

Tamén sei que este ano é especial para el. É a primeira edición que comparte co seu neto primoxénito Carlos, que naceu no último Ano Santo do milenio na véspera do Apóstolo en Compostela (¿coincidencia tal vez?). Permitídemme que reflexione en voz alta sobre cómo falarlle ó meu fillo do seu avó paterno.

¿Cómo contarlle que ti, pai, non podes falar con el, pero que el pode sentirte e escoitarte? ¿Cómo explicarlle que aínda que non te vexa estás presente? ¿Cómo responder a tantas outras preguntas aínda non feitas?

Esta vez sí, pai, entendín a túa mensaxe á primeira. Xa ti te encargaches de solventar o contratempo da negra sombra cos teus libros. Falareille coas túas verbas, para que algún día se decate que eras ti quen lle falaba. Direille que tamén el é Xaniño e que o teu espírito, outro vento, outro sol, murcho ou con brillo, zoando ou calado, está sempre con el.

Utilizando a miña voz e as miñas mans, xogarás con el contando as sílabas dos versos e cantando nos acentos, como antes fixeches comigo. Empregarás os seus propios beizos para amosarlle onde atopar a poesía. Reencarnaraste no Xan emigrante que retorna a Paradela nas vacacións do verán e el pensará ser ti reencontrándose coa aldea, regresando da Catalunya que tamén amaches. Ensinaraslle,

ole no meu fillo

caladamente, a ler o que non está escrito e a comprender o significado do non dito. E eu aprenderei pouco a pouco, xunto ó meu fillo, a escoitarte e a interpretarte. E crecerei, canda el, cos teus consellos e co teu onte vivencial perdurado no tempo.

A semente da túa vida, que depositaches nos teus fillos, xermolará no teu neto e, xunto a ela, froitificará o sentimento que posibilite un novo xermolar no neto do teu neto. Dese xeito, a túa mensaxe transmitirase como a historia herdada polas xeneracións de Fonas dos teus Poemas Populares Galegos, e non morrerá

Carlos aprenderá co tempo, da túa man, que a vida é como un folio non escrito. Como unha poesía ou unha crónica de xornal non feita. E que o esforzo e o traballo son a maior fonte de inspiración para encarnar no folio a poesía, na vida a historia.

Decatarase lendo as túas rimas da dificultade de escribir con linguaxe directa e espida e con sinceridade, e servirlle de pretexto para comprender que, na vida, o máis difícil é facer as cousas sinxela e caladamente, como ti fixeches.

Co teu exemplo coñecerá que camiñar facendo ben é recompensado coa eternidade en forma de recordo permanente. Saberá que os verdadeiros amigos non necesitan máis que un sentimento para ser fieis trascendendo á vida. E comprenderá que ese é o motivo de que o Certame Literario do Concello de Paradelá leve o nome do seu avó paterno.

O meu fillo, igual que xa lle sucede ó meu pai no ceo dos galegos, sentirá pronto a necesidade de dar grazas por poder contar coa comunicación co seu avó paterno. Adiantándome a ese momento, e tamén en boca do meu pai, permítideme que, en nome de tres xeneracións, amose a nosa gratitude cara amigos como Xosé Manuel Mato, Xulio Xiz, Xesús Mato, Manuel Blanco, Alfredo González e tantos outros, que contribuídes a que Manuel Rodríguez López non sexa un nome do pasado, senón unha realidade presente que nos acompaña día a día.

E en especial, grazas a Paradelá. Grazas como pai, porque grazas a todos vós e a Paradelá, seralle máis fácil ó meu fillo falar co seu avó. E grazas como fillo, porque grazas a todos vós e a Paradelá, acrecéntase ano tras ano o manantío inesgotable de aprendizaxe que recibo do meu pai.

Santiago Rodríguez López

Febreiro do ano 2000

Bases

PRIMEIRA: Establécese un Premio de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de POESÍA e outro de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de NARRATIVA.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ámbolos dous casos, escritos a máquina e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de 1999. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato ou a obra poética é axeitada ás normas contidas na Base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de decembro de 1999 e farase público polos medios de comunicación. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, o día 13 de Febreiro do ano 2000.

SETIMA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Fallo do xurado

Acta de constitución do Xurado

“V Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López”

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradelá, sendo as once horas e trinta minutos do día vinteseite de Decembro de mil novecentos noventa e nove. O Xurado designado para o fallo do “V Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López”, formado polos señores:

D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradelá) como Presidente;

D. Antonio Calvo Varela (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo),

D. Xesús Mato Mato (crego, escritor e musicólogo),

D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista),

D. Darío Xohán Cabana (poeta e escritor),

D. Xabier Rodríguez Barrio (poeta e escritor) e

D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado), como vocais.

E D^a María Cristina Abades Martínez, Secretaria do Excmo. Concello de Paradelá, que da fe do acto.

Constituído o Xurado en forma, procédese a calificar as obras presentadas, e atopadas conformes ás bases no seu día aprobadas, o Xurado acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Otorgar o Premio de POESIA, a **D. Baldomero Iglesias Dobarro**, con domicilio en Xanceda-A Coruña, pola obra titulada “QUIXO O PAXARO POUSAR NA PONLA O SEU CHIO”.

SEGUNDO: Otorgar un Accésit no apartado de POESIA, a **D. Unai González Suárez**, con domicilio en Aguiño-Ribeira (A Coruña), pola obra titulada “TRES POEMAS MEUS”.

TERCEIRO: Otorgar o Premio de NARRATIVA, a **D. Jaime Navería Pedreira**, con domicilio en A Coruña, pola obra titulada “O PARVO”.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, en Paradelá, na data arriba indicada, do que como Secretaria dou fe.-

“...Quixo o paxaro



Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), naceu en Vilalba, en 1951. É mestre. Fundador de Fuxan os Ventos e A Quenlla, ten adicado a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Ademais do libro colectivo “Galicia canta ó neno”, ten publicado “Sociais” (de terceiro, cuarto e quinto de E.X.B.), “Experiencias” (primeiro e segundo de E.X.B.), “Galego-Linguaxe” (de primeiro a quinto), “Contos de vellos para nenos”, “Somos lenda viva” (Lendas para nenos), e “Cantos, coplas e romances de cego (I e II)”.

pousar na ponla o seu chíó...”

Baldomero Iglesias

Serva como homenaxe para tódolos cantores de auga fresca. Desde Afonso a Santalices e de Atahualpa a Manuel Picón e Suso Vaamonde pasando polos xílgaros e merlos, cucos e ferreiriños e os recantos manantíos dos regatos e fontelas que, por sobre todo, tiveron como compañeiros na vida e como amigos de lei. E a aqueles tantos outros que pasaron polo camiño a cantar, relatores de canto viron no seu vivir, ... que é algo máis que pasar.

“...Quixo o paxaro pousar na ponla o seu chíó...”

Tecimos tan só tebras nas soidades tremando de medo.

E os deuses,

que ó lonxe proxectan silencios,

ignorán qué somos e o espanto que temos.

E apáganme o Sol -que é tan grande e denso-

satinando as cores, murchando pigmentos

cálidos e ledos.

Os deuses de cera -malvados, caducos-

que os humanos crean,

mátannos a luz e os mornos desexos.

Tan altos se ven,

que só nos permiten horizontes negros.

Ignoran os soños ¡...e tantos anxeios!

...Tecimos tan só tebras nas soidades

e as imaxes ausentes son pretexto

para as bágoas dos ollos, saloucos, tormentos.

Son, as tebras, o suco que dá alento,

entre pedras, á esperanza

agardando o futuro que non chega,

¡...que sempre está arredado co seu rigor perverso!

Desandando camiños que non levan.

Todo pasa ...¡mais non dan chegada os tempos!

No profundo barranco en precipicio

abraiado quedei no borde inmenso,

cando ¡un Xílgaro Cantor brindoume un dos seus versos!

Mireime a aquel espello feliz e cantareiro

na busca de desexos, das ilusións e anhelos;

voando en altos cumes entre os sucos do ceo.
Solpor de primavera que chega atrás do inverno
pousando nunha ponla o cálido arrecendo:
un solermiño cantar que é bálsamo dos medos.
No aire fachendoso revoa bulideiro coidando, o coitado,
que o seu canto é fugaz, e non un canto eterno.
Errante vagalume que aluma nos desertos
e coa voz se rebela abrindo a luz ós cegos.
Mais hoxe está preso
collido e indefenso, doído de silencio.
Gravei, quedo e inmóbil, aquel breve momento
xeando na memoria canto peneira o vento.
Ouh xílgaro aloucado ¡do teu canto estou preso!
Ouh xílgaro aloucado, pasmei co teu misterio
e cos teus tan meigos versos:
trobas de mencers limpos, rimas que enñían luceiros,
coplas de amor e de amigo, de sol e luz os seus metros
e o romance atormentado dos tan fermosos acentos
na túa voz enfeitizados, nun laio profundo e mesto,
firme, libre e melodioso que ás almas dá sosego.
O teu canto é liturxia, é sagrado xuramento
entre bicos apousado, suavemente sae dos beizos.

Quixo o paxaro pousar
na ponla o seu chíó.
No aloucado intento cantou e cantou,
...morría co frío.

A nostalxia adormece e vai con nós sucumbindo
como a enxoita fonte que en silencio
está esquencida de amoríos.
Ata que un día, axitada, rompe entre o alleo mutismo.
¡Versifica trobador cal regato manantío
e revírate rebelde!, ¡que auga brava, move muíños!
Inspírame algo sublime máis adentro dos sentidos.
Bótame as túas cancións para que ensoñe contigo.


pousar na ponla o seu chíó...”

Baldomero Iglesias

Dáme a lírica fartura da beleza que emociona,
do sinxelo en fermosura, dáme resposta e saída
o sosego e a fortuna, ledamarga melodía.
Perfil das doces palabras que con bicos te articulas
que, alumeándome nas sombras, amosas rumor divino.
Encántame cantador, cantor ¡que o teu canto é vivo!.
Ábreme a luz de arrecendos, tráeme unha pruma no bico.
Volve a contarnos historias para espertar ós durmidos
das miserias e soidades que atopamos nos camiños.
E pousa na ponla o teu canto fino
nunca máis quedes calado
¡nunca máis cales vencido!.

...Tecimos tan só tebras nas soidades
e deixamos ós cantores co cantar seco no bico
coa estrela pegada á fronte, pero morrendo de frío.
E mentras calados, quedos e pasivos
nos tempos das présas, progresos e credos
deixamos que leven o amor e o sorriso.
E acaban con todo o humano que temos,
coa limpa tenrura da flor e o sosego.
...Quedamos sen vida, sen voz e sen verso;
sen sermos quen somos, soñando con sermos.
...Tecimos nas tebras coa noite nos beizos
cantariñas tristes -porque outras non temos,
errantes na noite, errantes nos erros.
E mentres nos comen, ...na pescuda dos cegos,
botamos un ai,
queixoso suspiro da cerna do peito:
salaios que exhalan iniciando un berro
que rompa as vergoñas, que ampare os segredos
pois sae de moi dentro,
...e se esvae ¡malpocado!, sen querer-querendo.

Quixo o paxaro pousar
na ponla o seu chíó.
No aloucado intento cantou e cantou,
...morría co frío.



Unai González Suárez, nacido na parroquia de Aguiño (Ribeira) o 30 de Xaneiro de 1978, estudia 5º Curso de Ciencias Políticas e da Administración en Santiago de Compostela. O xoven escritor é un “prometedor artista das palabras” (F. Sarasqueta, *La Voz de Galicia*, 1/2/2000) que xa ten publicados un poemario (*De min para vós*, Concello de Ribeira, 1999) e un conto (*El viejo Alexandre*, Concello de Morón de la Frontera, Sevilla, 1999). No ano 1995, cando Unai contaba só con dezaseis anos, gañou os seus primeiros premios literarios, entre os que destacan o 1º Premio de Poesía VII Certame Celso Emilio Ferreiro, 1995, o 1º Premio de Teatro Manuel Lustres Rivas, 1996, o 1º Premio do VII Certamen del libro infantil ciudad de Morón, 1998 e o Accésit Finalista do Premio de relatos curtos Albor, 1999. Ademais, o “vate aguiñenense” desempeña unha intensa actividade cultural colaborando coa súa pluma en revistas e xornais galegos, participando en numerosos recitais e conferencias, e ocupando postos de responsabilidade en diversas asociacións culturais e literarias.

A súa obra teatral “O mundo ó revés” xa foi representada en público (dirixida polo propio Unai) no IES Fríons-Ribeira en 1996 e no Macro-Festival Xoves Promesas Culturais en Aguiño, no Nadal de 1999.

poemas meus

Unai González Suárez

Non escoitas

¿Sabes que me doe o corazón?.

Teño un corpo morto no meu leito,
teño como un gran coitelo branco
clavado no mei peito.

¿Sabes que me sangra o corazón?.

Teño as mans tinxidas de vermello,
teño a luz da vida consumida,
reflexo dun cadavre nun espello.

¿Sabes que me afoga o corazón?.

Cheira a podredumbre no meu peito,
teño a ialma negra e carcomida
esquecida nun amigo cadaleito.

¿Sabes que me chora o corazón?.

Non cabe en min xa tanto sufrimento,
e écheseme de bágoas toda a dor
que as ha levar ó mar o amigo vento.

¿Sabes que non teño corazón?.

Arrincaches cos teus ollos o contento,
e pisaches cos zapatos o amor que che ofrecín,
e non queres escoitarme nin no último lamento.

E non hei de morrer pois xa estou morto

Teño o corazón como desfeito,
e sangra sentimentos.
Veño de arrancar con un coitelo
tristuras e máis versos.

E teño o peito aberto pero libre.

Veño de roubarlle á morte negra
os risos dun cobarde,
veño de tinxirme a branca pena
do máis vermello sangue.

E teño nunha man todos os versos.

Caen ó chan facéndose anaquiños
coma os cristais lixentos.
Choros de viúvas e meniños
que me medraban dentro.

E písanos os homes sen ollalos.

Xa chove sobre as rúas do lamento
e afóganse as palabras,
e lévaas no seu carro o sabio tempo
negándose a escoitalas.

E sento como se me pudre a ialma.

En toda a inmensidade reina o loito,
e séntese un tic-tac aterrador,
á morte entreguei o último coito,
e non hai un minuto de silencio para o amor.
E a chama de dous cirios marca a liña.

A un lado están os que pasan e viven,
e teñen as meixelas salgadas pola dor,
e eu no cadaleito recito o que non tiven,
e engano ás tebras con bicos de amor.

E non hei deixar nada para os vivos.

poemas meus

Unai González Suárez

E medran no meu nicho rosas negras,
e deixan o seu sangue os que as queren arrincar.
¿Non vedes que son miñas e das tebras?;
só leédeas e escoitádeas recitar.

E non hei de morrer, pois xa estou morto.

Cando morre un poeta

¿Sabes cando morre un poeta?
¿Sabes cando?; cando choras;
cando escoitas a choiva,
cando se abre o ceo e a terra,
cando a vida é negra
como a noite sen lúa.

¿Sabes cando?; cando berras;
cando os nenos choran de rabia,
cando os paxaros non voan,
cando o mar non chega á praia,
cando o corazón non late,
cando ti non estás leda
e cando miras sen ver nada.

¿Sabes cando morre un poeta?
Cando os papeis fican brancos
e cheos os tinteiros negros,
cando queres escoitar e non che falan,
cando o amor non peta á porta
e non hai para os teus ollos tenros versos.

¿Sabes cando morre un poeta?
¿Sabes cando?; cando durmes,
cando non cantan os galos,
cando o amor non che namora,
cando o sol non che desperta
na ventá dos doces raios.
¿Sabes cando?; agora.

Narrativa

P r e m i o



Jaime Naveira Pedreira naceu na Coruña o 28 de Xullo de 1968. O seu pai é natural de Malpica e a súa nai de Cesures, e polo tanto, como a el mesmo lle gusta dicir, é fillo da Galicia mariñeira e da Galicia labrega. Dende moi pequeno foi sempre moi afeccionado á lectura, e pronto comenzou a facer as súas primeiras narracións breves. Nembargantes, primeiro os estudos, logo o traballo e despois os problemas de saúde, impedíronlle durante anos adicarse como el quixera á escritura. Xa na actualidade pode empregar o tempo que desexa a súa paixón favorita.

O Manuel Orestes Rodríguez López é o primeiro Certame que gaña. Mais, como el mesmo di, non escribe para gañar concursos nen cartos, senón por entretemento. Respecto á obra coa que conseguiu gañar o Certame: "O Parvo", nela tentou describir unha realidade no medio rural galego, onde ata ben pouco tempo, e incluso na actualidade, o feito de ser diferente, ben por algún problema físico ou psíquico, supoñía un illamento e o desprecio da xente, incluso da familia, que en moitos casos, chegaba a sentir vergoña da persoa en cuestión, e lonxe de axudala, a encerraban na casa para que ninguén soubera dela. Afortunadamente estas situacións tenden a desaparecer, e cun pouco de sorte, co paso do tempo, historias como a de Xan da Figueira pasarán a ser unha escura lembranza.

parvo

Jaime Naveira Pedreira

¿Chámaslle parvo?
¿Porque non fala coma ti?
¿Porque non é coma ti?
¿Acaso non sinte?
¿Acaso non chora?
¿Acaso non pensa?
Entón, ¿quén é o verdadeiro parvo?

Xan despertou moi avanzada a noite, cando a dor da perna fíxose insoportable. Dun xeito instintivo, levou a man á ferida tentando calmar as molestias. Alí estaba el, Xan da Figueira, deitado no cortello do seu pai, Manuel da Figueira. Loxicamente, tal nome proviña dunha figueira que tiñan na eira da casa, que xa dera nome ó seu avó.

Seguía sen poder aguantar a dor. O sangue escapara en cantidade pola ferida, mollando toda a perna. Mirou ó seu arredor. Unha das vacas volveuse e mirouno con curiosidade. Os animais xa estaban acostumados á súa presenza; de feito, moitas noites da súa vida transcurriran alí, e unicamente, no medio das bestas, e alonxado dos homes, que sempre o rexeitaran, era onde pasara os millores intres da súa vida e onde se sentía verdadeiramente tranquilo.

O seu verdadeiro drama comenzo na súa primeira infancia, cando o seu distanciamento do resto dos nenos da aldea e a súa aparente torpeza convenceron á súa nai da necesidade de levalo ó médico. O diagnóstico foi claro: Xan tiña un pequeno retraso, que tratado adecuadamente nun colexio especial non suporía ningún problema para o seu desenrolo. Mais, por desgracia, a pobre economía familiar non podía permitirse semellante esforzo, e a cuestión quedou definitivamente decidida cando o pai, enterado do consello do médico, dictaminou:

- O neno é parvo.

A partires dese momento, a vida de Xan da Figueira deu un cambio radical. O pai decidiu que deixara de acudir á escola, e que escomenzara a traballar na casa, ó principio nas labours máis sinxelas, para logo, cando fora medrando, afrontar as máis duras. Deste xeito, o seu illamento aumentou, e comenzo a súa amizade cos animais.

Xan examinou a ferida. A dor aumentaba por momentos, e xa era evidente que non podería dormir no que restaba de noite. No medio da escuridade, os seus ollos craváronse no pequeno cortello do fondo, onde criaban os porcos, e empezou a lembrar algo que o afectou profundamente.

Daquela el tiña dez anos, e ocupábase principalmente dos animais. Xa lle puxera nome a todos, e aqueles días adicábase con especial interés a Romualda, a porca que estaba a punto de parir. Por fin chegou o día que estaba esperando con impaciencia, e Romualda trouxo ó mundo seis marraniños bulidoiros, que corrían polo cortello ca felicidade propia da súa idade. Xan estaba encantando, e pasaba horas asomado á parede do cortello a mirar para os pequenos, e pronto percatouse de que unha das crías era visiblemente máis pequena que os seus irmáns. Esta diferenza de tamaño, provocáballe á pobre criatura graves problemas á hora de achegarse á nai para alimentarse, porque todos os seus irmáns pasábanlle por riba sen demasiadas contemplacións.

Xan sentiuse identificado co pequeno rexeitado. Así, unha mañá, contando co permiso da súa nai, colleuno e separouno dos seus irmáns e da porca, e meteuno noutro cortello pequeno, habitualmente destinado ós conexas, pero naqueles días baleiro. Púxolle de nome Bartolo, e as seguintes semanas ocupouse persoalmente da alimentación do pequeno, e cada día, separaba un pouquiño de leite das vacas para el; e cando medrou, empezou a darlle cada día unha ración especial de verzas e maízo, cando non algún pedazo de pan duro. A relación con el chegou a ser tan especial, que moitas veces Bartolo recoñecía a voz de Xan na distancia e empezaba a golpear a porta do cortello co fuciño, ata que o rapaz lle abría e saían os dous xuntos a xogar ó prado.

Con aqueles coidados tan especiais, Bartolo medrou dun xeito increíble, e pronto resultou claro que era máis grande cos restantes membros da rolada, causando incluso a sorpresa do pai de Xan, que un bo día acudiu a velo ó cortello e quedou admirado do seu tamaño, con gran ledicia do neno, que por primeira vez sentiu que o seu pai apreciaba o seu traballo.

Dous meses despois, Xan recibiu o encargo da súa nai de ir á casa duns tíos, nunha aldea próxima, a levarlles un paquete de roupa vella. Non tendo outro medio de transporte, Xan tivo que ir a pé, polo medio das corredeiras, e empregou toda a mañá.

Cando volveu á casa, como tiña por costume cada vez que se ausentaba, acudiu a visitar a Bartolo, e quedouse tonto cando atopou baleiro o cortello do seu amigo. Buscou alguén para preguntar o que pasara, e atopouse co seu pai na pendella, mallando nas fabas.

- Bo traballo, rapaz -respondeulle o pai sen moito interés-. Vendín o teu porquiño e dous máis da rolada a Antonio, o feirante, e pagoume máis polo teu que polos outros dous xuntos.

parvo

Jaime Naveira Pedreira

Xan quedou sentado nun banquiño de madeira e rompeu a chorar, mentres o seu pai non acertaba a comprender aquela tristura.

- Non é máis que un porco -berroulle sen siquera volveuse a miralo- ¿Ves?, na casa dos de Santos tamén van venderlles os porcos e non vai chorar ninguén.

Xan ergueuse como un raio.

- ¡Na casa de Santos! -pensou. Inda podía chegar a tempo.

Saiu correndo polo camiño, pero cando xa chegaba preto da casa, volveuse e berroulle ó seu pai.

- Non é un porco. Bartolo é o meu amigo-. E seguiu correndo.

O pai ficou mirando cara o camiño. Seu fillo xamais lle falara daquela maneira. Ben, xa lle axustaría as contas máis tarde.

Antonio chegou á casa dos de Santos un pouquiño despois. Dende lonxe, xa vira o camiión de Antonio diante da casa. Achegouse por detrás e chamou en voz baixa polo seu amigo. De xeito inmediato, Bartolo ergueuse no medio dos seus compañeiros de viaxe e veu cara onde se atopaba Xan. Asomou o seu fociño mollado polo medio da rexa e deixou con satisfacción que o rapaz que o coidara e alimentara poidera acaricialo por derradeira vez. Mentras lle pasaba a man polas orellas como facía sempre, Xan adiviñou no medio da escuridade do camiión, os ollos curiosos do animal que parecían preguntarlle por que non estaban xuntos, comodamente no seu cortello, como todos os días.

Antonio, o feirante, achegouse a el.

- Bon exemplar, ¿verdade, neno?. No matadeiro vanme pagar máis por el que por ningún outro.

A continuación subiu ó camiión. A Xan case se lle parou o corazón. O camiión arrancou e empezou a alonxarse pola estrada. Na distancia, Bartolo seguiu a miralo con tristura. O rapaz comenzou a correr todo o que puido tras do camiión, máis cando non podía máis, caeu de xeonllos na veira do camiño e empezou a chorar de novo. O seu amigo, seu único amigo, íbase para sempre.

Xan ficou chorando alí mesmo perante varias horas, e cando, finalmente, voltou a casa, seu pai agardábao para darlle unha paliza co cinto por terlle contestado daquela maneira e mais por chegar tarde a casa. Pero Xan non chorou, porque as bágoas acabáranselle na beira do camiño, e xa nunca máis volvería a chorar.

Algún tempo despois, a nai de Xan morreu dunha longa enfermidade que ninguén se preocupou de curar, pois como dixo o pai, o médi-

co era moi caro. Despois daquelo, Xan perdeu á única persoa pola que sentía cariño verdadeiro e empezou a alonxarse aínda máis da xente. Pola mañanciña, gustáballe achegarse á estación para ver pasar o tren de Monforte, sempre ás oito e media. Subido ó muro da estación, Xan soñaba con poder irse algún día da aldea naquel tren, e atopar algún lugar onde a xente non o rexeitara, outro pai que o quixera, e rapaces que non o foxeran obxecto das súas burlas e non lle tiraran pedras cada vez que pasaba polo camiño.

Nembargantes, non todos os momentos na súa vida foron malos. Agora, deitado na palla seca do cortello, sen poder durmir pola dor acuciante, Xan lembrou a primeira vez que foi ó baile.

Daquela xa tiña vinte anos. O pai, como única solución pro seu illamento, decidiu mandalo á festa co resto dos rapaces. As primeiras veces, a idea non resultou axeitada. Todo o camiño ata chegar ó baile, os rapaces da aldea, especialmente Ricardo do Outeiro, a quen odiaba especialmente, burlábanse continuamente del, como xa fixeran sendo pequenos, e tiña que camiñara a unha prudente distancia do grupo para evitar acabar, no mellor dos casos, no medio dos toxos. Despois de todo, dicían os rapaces, el era un parvo que non valía para nada e ó que ninguén quería, ¿non?, e polo tanto, podían permitirse aquelas licencias coa súa persoa.

A súa prudencia mantíñase ó chegar ó baile. Mentres mozos e mozas bailaban sen parar, Xan íbase a un lado, e se a noite estaba despexada, pasaba o rato mirando cara a lúa e as estrelas, escoitando a música a distancia, desexando que terminara a festa para voltar á casa.

Pero unha noite, na festa de Figueredo, a súa sorte cambiou. Como sempre, estaba a certa distancia do baile, ollando cara o val, as luces das casiñas, sentindo o lonxano cheiro do fume da lareira dalgunha casa próxima, cando alguén se lle achegou.

- ¿Qué fas aquí?

Xan volveuse. Era Sara, unha moza da súa aldea, bonita como ela sola, que lle miraba na escuridade. Non sabía moi ben que contestarlle.

- Non me gusta o baile. Prefiro estar aquí só.

- ¿Só? ¿De verdade queres estar só?

- Ben, -tatexou Xan- a verdade é que non, pero é que ninguén quere estar comigo.

Sara achegouse e sentou ó seu carón.

- Eu si quero estar contigo.

parvo

Jaime Naveira Pedreira

- ¿Por... por... por que? -preguntou Xan case sen respirar.

- Porque eu non creo que sexas parvo como dicen os outros -respondedeu ela achegándose máis.

Nese intre chegou Ricardo do Outeiro, e agarrando a Sara por unha man, levouna sen que ela ofrecera resistencia.

- Imos bailar, Sara. Non sei que fas con ese parvo noxento.

Xan mirou como ela se alonxaba, odiando máis que nunca a Ricardo, e cando xa a ía perder de vista, ela volveuse un intre para mandarlle un sorriso.

O final do baile, todos voltaron ás súas casas, e tal como era costume no lugar, foron acompañándose ós seus fogares respectivos, excepto Xan, claro, que viña un pouquiño máis atrás. Mais por esas casualidades que ten a vida, as dúas últimas casas do percorrido eran as de Sara e Xan, de tal xeito que ela tería que ir soa se ninguén a acompañaba.

- Se eres un cabaleiro, agora deberías vir comigo a casa -díxolle en canto o viu aparecer pola corredoira.

E así foi. Xan foi con ela, conversando e rindo todo o camiño, e cando chegaron á cancela da entrada da casa de Sara, ela achegouse outra vez a el.

- Gracias por vir comigo -dixo. Bicouno nos beizos e entrou correndo á casa.

Xan ficou alí, pensativo, sen entender o que viña de pasar, e non o soupo moi ben ata o día seguinte cando espertou tirado no chan da súa habitación, despois de pasar toda a noite a soñar con Sara.

Logo daquelo, Xan empezou a disfrutar dos bailes. Seguía a sentarse a un lado, sen participar na festa, pero agora xa non lle importaba, porque Sara sempre viña a sentarse ó seu carón sen facer caso ó resto dos rapaces, e logo ía con ela ata a súa casa.

Así pasaron varios meses, que Xan lembraba como os mellores da súa vida, ata chegar aquela mesma noite, aquela terrible noite.

Como outras veces, Xan fora ó baile, esta vez a Carres, moi preto da súa aldea, e como sempre, Sara estivo con el case todo o tempo, mentres o resto dos rapaces se divertían bebendo, algúns deles, como Ricardo do Outeiro, máis da conta.

Xa no camiño de volta, alguén pediulle a Xan que fora cun dos mozos, que bebera demasiado, ata a súa casa. Non lle gustou moito a idea, porque non podería ir con Sara.

- Non te preocupes, parvo, -terciou Ricardo do Outeiro- hoxe vou eu con Sara.

Con profundo disgusto, Xan viu como a súa amiga se alonxaba sen poder escoller, co seu máis odiado enemigo, así que, despois de acompañar ó rapaz bébedo ata a porta da súa casa, camiñou a toda presa cara onde vivía Sara, para asegurarse de que chegara sen problemas. E cando estaba a piques de chegar, atopouse cunha moi desagradable sorpresa.

Sara estaba aprisoada contra un árbol, tratando resistirse inutilmente, mentres Ricardo pasaba as mans polo seu corpo e tentaba de levantarlle as saias.

- Veña, nena, non sexas tan mala.

Aquello era máis do que Xan podía soportar.

- ¡Solta a rapaza! -berrou como un tolo.

Ricardo volveuse cara el.

- ¿Oes, parvo?... vaite de aquí agora mesmo -díxolle con claros síntomas de estar bébedo.

- Dígoche que soltes á rapaza -berrou Xan unha vez máis.

- Moi ben, fillo de puta. Ti o quixeches así.

E soltando a Sara, Ricardo abriu a súa navalla e abalanzouse encima de Xan que estaba desarmado, pero conseguiu evitar o primeiro golpe, e botándolle a man ó pescozo, espetouno contra unha árbore e empezou a apretar sen consideración, mentres ca outra man tentaba de suxetar a man onde tiña a navalla. Non puido evitar que Ricardo o ferira na perna, pero seguiu apretando, descargando en só uns segundos todo u odio que tiña acumulado contra el perante anos, e que chegara ó seu límite tras velo atacar a Sara.

Pouco a pouco, Ricardo foi deixando de facer resistencia a medida que lle faltaba o respiro, e logo dalgúns segundos pechou os ollos e deixou de moverse. Cando Xan o soltou, caeu no chan como un saco de patacas.

Todo ocorrira tan rápido que Sara non poidera reaccionar. Inda non superara a impresión de verse atacada, cando viu caer a Ricardo.

- Xan... ¿está... está morto?

- Supoño que si -respondeu el mentres respiraba fatigosamente.

Nese intre, algúns rapaces que aínda andaban de foliada chegaron onde eles, e atopáronse coa escea.

- ¡Xan matou a Ricardo do Outeiro! -dixo un.

- Veña, imos avisar -berrou alguén tras el.

E voltaron correndo por onde vñeran.

parvo

Jaime Naveira Pedreira

- ¿Qué vas facer agora? –preguntou Sara.
- Vaite prá casa, Sara, vaite agora mesmo.
- Non penso deixarte só. Fixéchelo por defenderme.
- Sara, prégoche que vaias para casa. Vaite, por favor...

Sara seguiu o seu camiño, sen deixar de mirar a Xan e o corpo caído no chan. Mentres se ía, Xan oiuna chorar.

Tamén el volveu a casa, e decidiu pasar a noite no cortello para evitar que o pai o vira nesa situación.

E alí estaba agora. A dor case desaparecera, despois de que a perna se durmira pola forte hemorraxia. Sentiu como os primeiros raios do sol comenzaban a entrar pola fiestra do cortello. Escoitou pasos fóra, preto da porta.

Debe estar aquí, entrade –dixo alguén.

Petaron na porta.

- Xan, se estás aí, sal agora mesmo.

Ergueuse con enorme dificultade e camiñou cara á saída pero, coa perna durmida, malamente podía terse en pé, e tivo que apoiarse na parede para chegar. Cando abriu a porta, cegóuselle a vista coa luz do día, e malamente puido recoñecer ó seu pai, e tras del, a silueta inconfundible da parella da Guardia Civil.

Había unha cuarta persoa, que antes de que ninguén poidera evitalo, abalanzouse sobre el e clavoulle un coitelo no peito.

- Morre, fillo de puta, cabrón –berrou Manuel do Outeiro, pai de Ricardo.

Os guardias botáronse a el e o tumbaron no chan para atarlle as mans, mais para Xan era demasiado tarde. O coitelo caeu no chan, e mentres se desplomaba ante a atónita mirada do seu pai, que non sabía o que facer, sentiu unha terrible dor e o sangue escapándolle entre os beizos.

Alguén chegou correndo. Era Sara, que sen preocuparse dos demais, axeonllouse xunto a el tentando de tapar a ferida.

- Xan... ...¿qué che fixeron, Xan?

Nun derradeiro esforzo, Xan, o parvo, ergueu a man e acariciouna. Polo menos morrería con ela ó seu carón, e iso xa era bastante.

Moi lonxe, sentiuse o pitado do tren das oito e media, e antes de pechar definitivamente os ollos, Xan pensou que aquel era o seu tren, e que por fin íase cara un lugar onde o agardaban a súa nai e o seu amigo Bartolo, e onde ninguén o volvería a chamar parvo.



*Manuel Rodríguez López
Fillo predilecto de Paradela*

Manuel Rodríguez López. Fillo predilecto de Paradela

Biografía

MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

Ó longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: **"POEMAS POPULARES GALEGOS"** (1968), **"SAUDADE NO BULLEIRO"** (1970), **"SOLDADA MINIMA"** (1979), **"ONTE E HOXE VIVENCIAL"** (1995) e **"A ATLANTIDA"** (1995), tradución ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer. En prosa: **"REENCONTRO COA ALDEA"** (1983), **"GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982"** (1983), **"GALEGOS EN CATALUNYA-2"** (1985), **"VIAXES CON ANXEL FOLE"** (1988), **"FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989"** (1989), libro-programa das festas e **"VOLTA A ESPAÑA A PE"** (1990), tradución ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan **"HOMAXE O CHE"** (1970), **"A NOSA TERRA"** (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), **"HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO"** (1976), **"GALICIA NO ANO 1979"** (1979), **"JOSE M^a AGUÑA"** (1983), **"OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE"** (1986), **"VOCES POETICAS"** (1987), **"PARADELA Y SU CONCELLO"** (1990) e **"ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA"** (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como **"Gran Enciclopedia Gallega"** (ver tamén o apéndice I), **"Medio cento de galegos e Rosalía"** (1983), **"88 gallegos: una tierra a traves de sus genes"** (1983), **"De Pondal a Novoneyra"** (1984), **"Diccionario de escritores en**

lingua galega” (1990), “Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975” (libro e vídeo, 1993) “Diccionario da literatura galega. I. Autores” (1995), “Diccionario de Fole” (1997), “Alén do azul. unha ducia de poetas galegos en Catalunya” (1999) e “Vida e obra de Manuel Rodríguez López” (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas **“TRES ETERNO”** e **“NEOPLASIA”**, respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con **“A EMIGRANTE”** e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra **“NOITE DE NADAL”**.

En prosa, coa peza teatral **“VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA”**, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trasgos os seus contos **“A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS”** (1977) e **“QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO”** (1986) e, en Baracaldo, **“BAIXA VOLUNTARIA”** (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en Coordenadas e Dorna; no Boletín, en Treboada e Alborada do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de Faro de Vigo e de El Ideal Gallego na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de El Progreso de Lugo, La Voz de Galicia e Praza Maior (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e M^a Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado **“Fillo Predilecto do Concello de Paradelá”** e **“Lucense del año 1989”**, inaugurándose tamén en 1990 a Casa de Cultura de Paradelá **“Manuel Rodríguez López”**. Dende 1995, vense celebrando cada ano o Certame Literario Manuel Orestes Rodríguez López, organizado polo Concello de Paradelá.

Os mouros estiveron en Paradela

Na Croa do Tournal seica estiveron os mouros. Eu non o aseguraría, claro está, pero os vellos do lugar din que sí.

Fun moitas veces á Croa, maiormente de rapazolo, porque alí era donde gardabamos a facenda. Eu ía moi gustoso por divertirme coas rapazas. Pode que houbera mouros, si, pois teño idea dun muro medio esborrallado e oín contar que, para facer a estrada, carretearon moita pedra do Tournal e apareceron abondosas pezas de barro e pedras redondas cun burato no medio, empregadas polos mouros para moer a gra. Tesouros dudo que os houbera; pero o primo Xesús de Millerados, Deus o teña na gloria, apugnaba que hai unha cadea de ouro que baixa pola Fonte Branca ata a poza grande de Pías. Eu non creo tamaña andrómena, ¿como vai habela e, para máis, cun longo de media legua? O vello Saraibas do Cabo tamén insistía ser certo que os mouros acochárona baixo terra. ¿Será conto? ¡Quen sabe!

Onde si hai un tesouro é no Rodillón. Un crego vello daquel lugar, hai moitísimos anos, gardou moito ouro nunha ola de barro e enterrouna na cortiña debaixo dun penedo. O Delmiro seica atopou dúas moedas e os veciños cavaron para ver de descubrir a ola; pero non deron con ela.

En Higón hai unha cova que foi dos mouros. En Riocabo de Cima tamén hai outra, que fun ver co Suso de Toexe. Ten a entrada moi doada pero vai estreitando e afondando cada vez máis. Aínda que levabamos foco de bolsillo, tivemos medo e demos volta por se houbera un teixo, algún zorro ou culebróns.

Hai fundanza de que os mouros viviron no Cocheiro do Castro de Santa Cristina. Aínda vive a Xulia do Zoqueiro da Serra que me ten contado que na casa das Pozas, tiñan unha rancha que escapáballes cara ós penedos do Cocheiro. ¿Cal era a razón? Pois que alí vivía unha moura que, cada día, lle valeraba un cribo de millo á rancha coa idea de cebala para ela e os seus. Pero, cando a ama descubriu o caso, matou a rancha. Seica moito rifou con ela a moura, que berraba:

-¡Non cha cebei para que veñas agora ti e a comas!

Fillo predilecto de Paradela

Pra darlle a despedida,
unha fresca mañá,
encamiñeime, soio,
a Croa do Toural.

Enriba dun penedo
senteime, a cavilar,
ollando longas veigas,
montanas, ríos, vals.

Dende alí mirei pobos:
San Miguel e Suar,
Francos e Millerados,
Retorta e Cerexal.

Dende a Croa olléi soutos
restrevas e toxáls,
labregos con baldetas
sementando no pan.

Da amañecida ouvín
o cantar do alalá

e dos ledos carriños
o lonxano chiar.

Qué grande o meu contento
mirando ó Sagrazal,
as chousas, as namelas,
os Carballos, os Chaus,
o Trobo, a Escadiña,
terras da miña mai.

Lástima que espertéi
de tan ledo soñar
ó ver un corvo negro
agoirento, fatal,
camiño doutras terras,
voar... a voar...

Manuel Rodríguez López

Do libro
"POEMAS POPULARES GALEGOS"
(Edicións Celta-Lugo, 1968)

Manuel Rodríguez López.

O Excmo. Concello de Paradela ven de editar o libro “VIDA E OBRA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ”, do que é autor o escritor lucense Manuel Blanco Castro. Segundo verbas do Alcalde de Paradela, D. Xosé Manuel Mato Díaz, recollidas no propio libro, a biografía do poeta de Paradela permite “un maior coñecemento da súa vida e obra, tanto para os coetáneos como para futuras xeracións, atopándose nel un fermoso exemplo de amor á Terra, ás raíces, dun personaxe comprometido con todo o que signifique Emigración, Galegos, Galicia”.

“Libro especial, dun home especial, escrito por un autor tamén especial. Que está escrito co corazón, e trata dun home que foi todo corazón” -proclama Xulio Xiz no Introito do libro, ó que se refire como un “froito de agarimo e amizade, na honra dun home que na vida non fixo máis que sementar calma, templanza, amor, cultura” e que é “como unha atume máis para as lembranzas; un vencello ‘vivencial’ para un definitivo ‘Reencontro’ de Manolo coa súa terra e as súas xentes”.

Xesús Mato, autor do epílogo desta obra, diríxese ós seus veciños de Paradela enfatizando que o libro é un máis dos “pasos andados” para “saldar unha débeda pendente” co poeta de Paradela “pola herencia que nos deixou”. E en alusión ó autor do libro Manuel Blanco e ó biografiado Manuel Rodríguez, remata: “Ambolos dous foron (¡son!) sinxelos, calados, traballadores, humildes, serviciais, loitadores, coherentes, cunhas vidas gañadas a pulso, detallistas, sensíbeis, positivistas, solidarios, portadores de esperanza e de ledicia, valentes, rebeldes ante a mentira-hipocresía-opresión... ..Coma eles, sen barullo e presuncións, tamén nosoutros podemos colaborar no rexurdir e medrar desta terra no eido cultural, algo básico e fundamental na vida humana”.

A continuación, recolleemos uns fragmentos do libro de Manuel Blanco Castro “VIDA E OBRA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ”.

Fillo predilecto de Paradela

Manolo Oreste pasou a súa nenez en Paradela, concretamente en Randulfe, na casa de Avelino onde veu ó mundo e onde se arrolou o seu berce. E cando a casa de Avelino, coñecida como “Casa de Baixo de Randulfe”, pechou, foi levado a vivir á casa da Cándida en San Pedro. Segundo a propia Cándida e a súa filla Consolación e o Avelino, a nai do neno viuse na obriga de irse a traballar a Barcelona, mentres que seu pai era incorporado a filas a causa da Guerra Civil (1936-39), cando o neno apenas contaba dous anos...

...No Outono de 1941, cando na verde Galicia as árbores desnúdanse da follaxe, e cando somentes lle faltaban dous meses para cumprir os sete anos, súa nai desplazouse de Barcelona a Paradela para facerse cargo do pequeno. A tristura daquela boa xente pola despedida do neno deixouse ver reflexada polas bágoas que corrían polos ollos de moitos. Tamén o pequeno choraba e atopábase cheo de perplexidade, de dúbidas. Nembargantes, o encontro coa súa nai compensoulle. Algún día pensaría como aquela canción doutro fillo da terra que dice: “Miña nai, miña naiciña / como miña nai ningunha / que me quentou a cariña / co calorciño da súa”. E xa desde entón, Manolo foi un emigrante, que como atinadamente dixo o crego Xesús Mato, “foi destetado do seu pobo natal, do seu Randulfe querido, coma outros dos nosos veciños, e mesmo parentes, de Paradela, de todo Galicia”...

...Xa na súa xuventude, Manolo, estando inda estudiando Humanidades no Seminario Menor de Tiana, deu boas mostras dun afervoado amor a Galicia, amor que levaba metido no máis profundo da alma e no sangue que de seus pais recibira. Na súa nenez, cando retozaba polos camiños da súa aldea natal e na cidade de Barcelona perto dos seus seres queridos, sentía rebulir a calor da súa terra. Pero, como digo, foi desde a súa estadía no Seminario Menor cando xa sentiu de maneira moi fonda ese amor á terra nai, a Galicia, e cando empeza a familiarizarse cos libros de escritores galegos e viaxa nas vacacións a Paradela. Esta, co seu cruceiro, parece que foi esculpida, xunto co resto de Galicia, no seu ser e palpitan en cada unha das páxinas dos seus libros...

Manuel Blanco Castro

Do libro “VIDA E OBRA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ”
(Edición do Concello de Paradela, 2000)

